

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2023/24

1. **Normativa** reguladora do procedemento.
2. Plazas vacantes ofertadas.

CURSO		VACANTES
1º ESO		6 *
2º ESO		0
3º ESO		0
4º ESO		2
1º BACH	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	13
	CC.SS. E HUMANIDADES	28
2º BACH	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	2
	CC.SS. E HUMANIDADES	13

* Terán prioridade os alumnos de NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) segundo establece o artigo 2 no punto 3 da ORDE do 21 de outubro de 2022.

3. Prazo de solicitude: **do 1 o 20 de marzo** (incluídos)

Impreso de solicitude dispoñible:

- Na aplicación <admisionalumnado> (<https://edu.xunta.es/admisionalumnado>)
- Na sede electrónica da Xunta. (<https://sede.xunta.gal/portada>) formulario ED550B
- Na páxina web da consellería competente en materia de educación.
- Nas oficinas do centro.

(Presentarase unha única solicitude onde se poderán indicar ata 5 centros máis por orde de preferencia)

Documentación que se debe presentar:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto. (É necesario o consentimento expreso de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras).
- Copia do DNI do alumno/a e das persoas proxenitoras/titoras.
- Certificado de matrícula expedido polo centro no que cursa estudos actualmente.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio se é o caso.

4. Comunicación dos cursos que irán a baremo (21 de marzo).

5. Prazo de presentación da **documentación** para baremar:

Do 21 de marzo o 3 de abril

6. Lista provisional de admitidos/as: 25 de abril

Prazo de reclamación : 5 días hábiles (do 26 de abril ó 3 de maio).

7. Lista definitiva de admitidos/as: 15 de maio

8. Prazo de formalización da matrícula: 23 de xuño a 7 de xullo.

9. Outros **datos** de interese.

(NORMATIVA)

DECRETO 13/2022, do 3 de febrero, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ORDE do 21 de outubro de 2022, polo que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febrero, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C)

Documentación para baremar segundo a Orde do 21 de outubro de 2022 que regula o procedemento de admisión (artigo 14 ao artigo 25 de dita lei).

- 1.- Irmán ou irmá matriculados no centro.
- 2.- Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora.
- 3.- Renda per cápita da unidade familiar.
- 4.- Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente.
- 5.- Familia numerosa.
- 6.- Familia monoparental.
- 7.- Discapacidade de calquera membro da unidade familiar.
- 8.- Condición de vítima de violencia de género.
- 9.- Condición de vítima de terrorismo.
- 10.- Criterio complementario: expediente académico (1 punto por una media de NOTABLE ou SOBRESALIENTE no último curso rematado).
- 11.- Expediente académico para ensinanzas de bacharelato.

-
- A presentación de mais dunha solicitude dun mesmo/a alumno/a determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
 - O alumnado que ten reserva de praza nun centro adscrito debe presentar renuncia expresa por escrito no caso de solicitar admisión nun centro distinto. Esta renuncia debe facerse ata o día 28 de febreiro. En caso de non o facer, perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
 - En caso de empate na puntuación total, resolverase por sorteo público segundo a instrución do artigo 34 da ORDE , do 21 de outubro de 2022.
 - A solicitude de reserva ou de admisión para cada alumno/a ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
 - A admisión e matriculación nun centro implica respectar o proxecto educativo do mesmo.